



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/3
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, VENRES 18 DE MARZO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ASISTEN:

SANTIAGO M. TOBA CAMPAÑA (Preside o acto)
JAVIER ROMAR ALVARELLOS
OLALLA BENLLOCH LEMA
MONICA VILELA VILELA
MANUEL CARAMES LOPEZ
CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO
SANDRA VILELA RIVEIRO
SOFIA LOPEZ SIMON
JAVIER LEMA SUAREZ

AUSENCIAS:

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA
TANIA ROMERO GARCIA

SECRETARIA: Rosa Ana García Fernández

INTERVENTORA: Mónica Iglesias Prego

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da Acta da sesión anterior.
- 2.- Dar conta aprobación liquidación orzamentaria 2021
- 3.- Modificación de crédito 2022/2 de suplemento financiado con remanente de Tesourería.
- 4.-Moción BNG sobre protección secadeiro de congro na rúa Pedriña.
- 5.-Moción PSOE sobre situación en Ucraia
- 6.-Dar conta decretos de Alcaldía dende o 14 de decembro de 2021 ao 9 de marzo de 2022
7. Control órganos de Goberno. Rogos e preguntas

1.-Aprobación acta sesión anterior



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A acta da sesión anterior queda aprobada coa abstención do Sr. Caramés que estivo ausente no pleno anterior.

2.- Dar conta aprobación liquidación orzamentaria 2021

A secretaria dá conta da Resolución de Alcaldía de data 4 de marzo 2022 pola que queda aprobada a liquidación do Orzamento 2021.

O Pleno queda enterado.

3.- Modificación de crédito 2022/2 de suplemento financiado con remanente de Tesourería.

A secretaria manifesta que todos os intergantes do pleno teñen copia da proposta de alcaldía neste punto, dictaminada favorablemente pola Comsión de Contas.

O Sr Alcalde explica o contido da proposta, iniciándose o debate coa intervención da voceira do grupo municipal do PP Dna Sandra Vilela: "Efectivamente pecha o remanente de Tesourería con máis de 3 millóns de euros pero recolleuno con mais, tal e como figura no arqueo da toma de posesión. O Remanente de 2021 é de 2.900.000€, e vostede gastou dese remanente nos primeiros seis meses como Alcalde. A oposición estivo durante estes tres anos frenando o gasto de remanente e ten agora o que ten porque nós non lle permitimos malgastalo. Levamos casi tres anos dicíndolle que non ten maioría e que para traer unha proposta a pleno ten que buscar apoios, e non o fai, e mete aos veciños por diante dicindo que son cousas que lle piden e é normal que llo pidan tal e como ten o Concello. Vostede ten que chegar a acordos coa oposición para traer isto e seguramente nós teremos tamén cousas que aportar para gastar eses 3 millóns de euros, pero a vostede non lle importa, ven co obxectivo de que votemos en contra para en dúas horas poñernos nas redes sociais, non ven para intentar facer nada polo concello, se non a crear crispación Negocie, convoque unha informativa e negocie coa oposición."

O Sr Alcalde intervén: " O arqueo é diferente ao Remanente O importante non é presumir de ter tres millóns se non de dicir teño ese diñero e tamén unas necesidades (as fochancas das que vostede falou) e arranxar. Tampouco lle vale, di de negociar pero, que negociamos se ambos estamos de acordo nas necesidades? Quero presumir non de ter 3 millóns, se non de ter menos pero de ter invertido o diñeiro en cousas necesarias. O único que queda claro é que nós queremos facer obras e vostedes non, o resto son disculpas de mal pagador. Se non está de acordo con todas as obras, faga unha emenda e eu acatareina se as súas propostas son razoables."



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Volve a intervir Dna Sandra Vilela: " Se votamos non a todo, cómo é que está vostede a facer obras?. Fainas cos nosos votos porque se non non podería facelas. Non é necesario facer emendas porque para poder facer obras os proxectos ten que redactarlos o Concello, pero p. ex, queremos:

Un parque infantil para o CEIP de Os Muiños ao que vostede se comprometeu a dar pezas, o arranxo do patio do Ceip de Muxía, camiños en Añobres, camiños interiores en Figueiras e o saneamento, Plan de acceso a negocios e industrias, a problemática do abastecemento de auga a Muxía.

Todas son obras necesarias pero con minoría debe falar e chegar a acordos, e se tivese o máis mínimo interese en sacar algo adiante non tería problema para elo, sempre que nos chamou chegouse a acordos."

O Sr Alcalde solicita de Secretaría aclaración sobre as competencias do Concello respecto a colexios, en concreto respecto a mencionada obra do patio, ao que a secretaria manifesta que xa emitiu informe ao respecto, que son competencias de mantemento, e que sen coñecer a que se refire o arranxo do patio mencioando non pode saber se é ou non mantemento.

Continúa o Sr. Alcalde: " Estou de acordo con todo o que propoñe, aprobei esa proposta e a semana que ven convoco unha comisión informativa e aprobo as súas obras."

Dna Sandra Vilela responde: "Non , porque aquí hai máis xente que tamén representan a veciños e tamén terán obras que propoñer. Convoque a comisión, negocie con toda a oposición, traia proxectos e aprobaranse."

Intervén seguidamente D Carlos Fernández, do BNG: " Todo este intercambio de ideas é positivo, estamos a pedir diálogo, durante estos anos, non tes maioría e debes de asegurar os votos precisos para aprobar estas cousas e negociar e sentarse e falar. Non estou de acordo con aprobar só as propostas do PP. Deixe o asunto sobre a mesa, convoque unha comisión de negociación cos representantes, e se chega a un acordo traense as cousas a pleno como deben de traerse."

A continuación é o turno de Dna Mónica Vilela: " Cando falades non nomeades aos non adscritos e os nosos votos tamén son importantes, e despois de dous anos fóra do goberno seguimos poñendo en falta que aínda non se dou conta que necesita apoios. Esas obras estaban no Plan Complementario e vostede sabe que non vai vir para todas as obras, e vostede xa sabe que a depuradora de Quintáns e alguna outra obra xa levará todo. O que fai vostede é asegurar as suas obras. Todo é necesario pero eu



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

tamén proporía obras e se hai tan boa vontade xuntémonos e falemos e que se fagan os proxectos.”

O Sr Alcade contesta: “ Vostede votou no seu día a favor de que se fixeran obras co remanente, e podería saber igual que eu o que pode vir aproximadamente no Plan para Muxia.”

Por indicación da Secretaria, o Sr Alcalde somete a votación a petición do representante do BNG de deixar sobre a mesa o asunto, que votan a favor os integrantes do grupo municipal do PP (3) , BNG (1), e a Sra Vilela e Sr Carmés, e en contra os tres representantes do grupo municipal do PSOE. Ao obter a proposta de deixar sobre a mesa a maioría simple de votos, segundo o establecido no art do ROF, queda sobre a mesa non entrando a votar o fondo do asunto.

4.-Moción BNG sobre protección secadoiro de congro na rúa Pedriña.

D Carlos Fernández, explica o contido da moción.

Dna Sandra Vilela anuncia o voto a favor do seu grupo e manifesta que “dende o primeiro momento que soubemos do problema, puxemonos en contacto coa Xunta para intentar resolvelo e estamos traballando ao respecto.”

O Sr. Alcalde expoñe: “ Quero aclarar unas cousas respecto á moción e é que está a falar dun secadoiro en concreto e en Muxía hai outro, que cremos debe ser mencionado na moción. Por outro lado, a familiar non está de acordo con que sexa BIC pois elo suporía inconvenientes á hora de realizar arranxos neles. Poderíamos apoiar a moción se retira ese cuarto punto.”

D Carlos Fdez explica: “ A moción refírese a apoiar o secado tradicional e creo que o outro negocio non o ten. Retirar ese secado tradicional implicará o fin do oficio tradicional. Respecto ao de BIC, refírome a BIC para o sistema de secado, non protexe as cabrias nin o edificio, se non o método. Poderíamos modificar a moción nese cuarto punto no senso de dicir: Declarar este método de secado artesanal como patrimonio cultural inmaterial de carácter etnográfico”.

Sometido o asunto a votación, coa modificación indicada na redacción do punto 4, a moción queda aprobada por unanimidade, recolléndose a continuación:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

- 1.-Adoptar de xeito inmediato as medidas que sexan necesarias para garantir a supervivencia dun oficio inmemorial que garantan que o verdadeiro secadoiro de congro que aínda segue un método completamente artesanal poda continuar coa súa actividade.
- 2.-Brindar toda a súa capacidade asesora e executiva aos propietarios para garantir que poderán seguir desempeñando no inmediato o seu oficio de xeito íntegramente artesanal se así o desexan.
- 3.-Reclamar das administración que corresponda as modificacións ou adaptacións das normativas necesarias para que os propietarios de secadoiros de congro podan seguir desempeñando os eu oficio do xeito que se leva facendo dende fai centos de anos nomeadamente o secado en cabria.
- 4.-Declarar este método de secado artesanal como patrimonio cultural inmaterial de carácter etnográfico.

5.-Moción PSOE sobre situación en Ucraia

O Sr Alcalde explica o contido da moción.

Intervén seguidamente D Carlos Fdez :” Votarei a favor e poño de menos cousas nesa moción. A nosa postura é defender a autodeterminación dos pobos pero non só estamos en contra desa guerra, se non de todas, tamén as guerras en Palestina, Yemen, Siria, Afganistán e agora Sahara. Nesas guerras tamén choran nenos e caen bombas en obxetivos civís. En Ucraia é unha loita entre dúas superpotencias e as dúas teñen responsabilidade no que está a pasar. Apoiamos aos refuxiados da guerra, tamén aos refuxiados Sirios nos campos de Turquía pagados por nós para que os teñan alí. Pedimos que se cumpran os compromisos que había sobre a non incorporación de Ucraia e outros países á OTAN e que non se cumpriron, e estamos en contra de que tropas españolas estén en fronteiras desta guerra, pedimos o cese de envío de armas e apostamos pola negociación para parar esta matanza.

Aproveito tamén para manifestar o noso apoio aos labregos e mariñeiros que están a pasar unha situación crítica polas consecuencias desta guerra e da folga salvaxe dos transportistas. É increíble que se permita o que esta a pasar e pídolle ao goberno central que tome medidas para evitar estes chantaxes.”

Sometida a moción a votación, queda aprobada por unanimidade, recolléndose a continuación:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

- 1.-Reclamar a fin das hostilidades e o retorno á vía da negociación e da diplomacia, reiterando a necesidade de cumprir cos acordos de Minsk e co dereito internacional.
- 2.-Expresar a solidariedade con todas as vítimas deste conflito e damos todo o noso apoio ás organizacións que traballan pola defensa e protección dos dereitos humanos.
- 3.-Manifestarse ao carón do Goberno de España e da Unión Europea reivindicando a legalidade internacional e o restablecemento inmediato da paz, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos que compartimos con Europa.
- 4.-Expresar o máis firme compromiso coa defensa dos principios de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no preámbulo do tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no da constitución da Unión Europea.
- 5.-Mostrar o apoio á Unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que se poña fin ao conflito ante estes feitos tan graves que ameazan a paz das liberdades e dereitos fundamentais dos cidadáns ucranianos.
- 6.-Apoiar a que se realicen todos os esforzos necesarios para mobilizar recursos a fin de acoller a refuxiados provenientes do conflito de Ucraína.

6.-Dar conta decretos de Alcaldía dende o 14 de decembro de 2021 ao 9 de marzo de 2022

Pola secretaria dase conta dos decretos de Alcaldía dende o 14 de decembro de 2021 ao 9 de marzo de 2022.

O pleno queda enterado.

De acordo co establecido no ROF, o Sr Alcalde pregunta se algún grupo quere introducir, por razón de urxencia algún asunto, presentando Dna. Sandra Vilela unha moción para *Modificación da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras.....con finalidade lucrativa.*

Dna Sandra Vilela manifesta que a considera urxente pola situación que se está a dar coa hostelería en Muxía.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O pleno por unanimidade vota a favor da urxencia.

A Secretaria advirte que toda ordenanza debe de ter un estudo de custos e que a moción só podería ser tida en conta no senso de celebrar a comisión mencionada e segundo se derive do estudo de custos.

Dna Sandra Vilela manifesta que ese é o sentido da moción, que sometida a votación é aprobada por unanimidade , e que se recolle a continuación:

1.-Instar ao concello de Muxía a convocar unha comisión informativa para:

-Que se perfile a baixada da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

-Que se chegue ao acordo de que o censo, e polo tanto o devengo de dita taxa se faga de xeito mensual.

7.-Control órganos de Goberno. Rogos e preguntas.

Dna Sandra Vilela manifesta: “ No Pleno de xuño de 2021 e no de setembro díxonos que ía contestar por escrito ás preguntas que lle facíamos e a día de hoxe non o fixo.

Gustaríame saber que vai facer co técnico de deportes pois non hai casi actividade deportiva. Contésteme por escrito por favor e a maior brevidade.”

Dna Mónica Vilela intervén: “ Gustaríame que trouxese a pleno as facturas que se deben e así poder pagalas.

Vostede cando quixo quitarme a miña dedicación trouxo a pleno unha proposta, pois traía tamén a da outra persoa. Cando di que o Concello é quen lle paga non é certo porque as veces faino a seguridade social .

Ao respecto das preguntas a Sra. Interventora expoñe: “ Pasado o tempo legal para a súa baixa a seguridade social deuna de alta, cobrou do Concello nese momento, volveu a coller a baixa e agora nos dous últimos meses a seguridade social está revisando o caso. Non sabemos se o pago vai ser do Concello ou da Seguridade Social.”



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde manifesta: “Cando unha persoa non está ben para ser concelleiro/a debe de deixar o posto. Ela e a outra concelleira que tampouco ven aos plenos están privando de dous postos de concelleiros/as a Muxía, e polo tanto variando o que podía ser unha ou outra decisión.”

Ás 22:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández O alcalde, Santiago Manuel Toba
Campaña